

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. PARA A INSTRUMENTACIÓN DA AXUDA ECONÓMICA PARA AS FAMILIAS CON FILLAS E FILLOS NADOS, ADOPTADOS/AS OU DECLARADAS EN SITUACIÓN DE GARDA CON FINS ADOPTIVOS NO ANO 2023 A TRAVÉS DA TARXETA BENVIDA.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO USO DO INSTRUMENTO CONVENCIONAL E DA  
IMPOSIBILIDADE DE PROMOVER A CONCORRENCIA PÚBLICA

O director Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Xuventude formalizou con Abanca Corporación Bancaria, S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto deste convenio establecer o marco da colaboración entre as partes asinantes para a instrumentación da axuda económica para as familias que no ano 2023 teñan, tanto por natureza como por adopción, un fillo ou unha filla ou sexan declarados en situación de garda con fins adoptivos dun neno/a. Tamén poderán beneficiarse da axuda as galegas e galegos e os seus descendentes que se atopen en calquera dos dous supostos anteriores e, tendo residido fóra de España, retornen a Galicia durante o ano 2023.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Política Social e Xuventude, ao abeiro do disposto no Decreto 73/2022, do 25 de maio, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano da Administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de acción social de apoio á familia, entre outras. Neste eido correspóndelle a adopción das medidas que garantan un ambiente favorable para o libre desenvolvemento das familias, as cales están sendo articuladas a través do Programa de Apoio á Natalidade (PAN). Este programa traballa sobre a dimensión socioeconómica da

DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA  
E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA  
Complexo San Caetano – Edificio 8 B  
T. +34 981 544 655  
dxfamilia.politicasocial@xunta.gal  
www.xunta.gal



cuestión demográfica e ofrece solucións para favorecer que a poboación poida ter o número de fillos/as que desexe, paliando o custo que leva aparelada a crianza e coidado dos fillos e fillas e propiciando un ambiente social favorable no que non entren en conflito as responsabilidades parentais de coidado co acceso e permanencia no mercado de traballo.

Que a Consellería de Política Social e Xuventude debe dispoñer dun instrumento que dea soporte a esta axuda que se convoca mediante a Orde reguladora das bases pola que se rexerá a concesión da axuda económica, a través da Tarxeta Benvida, para as familias con fillas e fillos nados ou adoptados/as no ano 2023. Considerando o medio máis idóneo para facela efectiva, unha tarxeta prepago que se entregará ás familias, por este motivo e de acordo co previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, convocou un procedemento de selección dunha entidade colaboradora sometido aos principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E parara que conste, asíñase esta memoria

Santiago de Compostela,

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización  
Demográfica Jacobo Rey Sastre

*(asinado dixitalmente)*

